

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 25 de marzo de 2026 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2026.
- * Aprobación do calendario académico para o curso 2026/2027.
- * Aprobación do calendario académico do Centro Universitario da Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo, para o curso 2026/2027.
- * Aprobación da modificación dos criterios de acceso segundo a LOSU para as prazas do 15%.
- * Aprobación de modificacións na normativa de dedicación e recoñecementos docentes.
- * Aprobación do convenio de cooperación educativa entre a entidade mercantil METRODORA EDUCATION S.L., Real Club Celta de Vigo e a Universidade de Vigo para a adscrición a dita universidade do Centro Universitario “EUSES-VIGO”.
- * Aprobación do Regulamento de Réxime Interno do Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación (CACTI).
- * Aprobación da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA).
- * Aprobación da modificación do modelo do Convenio interinstitucional para o recoñecemento mutuo de créditos para obter unha dobre titulación internacional.
- * Aprobación da proposta do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” a Don Antonio Manuel Seixas Sampaio da Nóvoa.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.